

**POSIBLES IDEAS PARA
UNHA HOMILÍA CON NENOS
01 DECEMBRO 2019**

**Vén Visitarnos
a Verdade e a Vida.
ESPERTA!**

1. Ver: Advento, Camiñando cara á VIDA.

-Comezamos **un novo tempo litúrxico, o Advento**. Significa “vinda” (de Xesús).

Dialogamos como preparamos a vinda de alguén importante á nosa casa e como deberíamos preparar a vinda de Xesús no Nadal.

-Durante **catro domingos**, catro semanas, preparamos a súa vinda. **No templo poñemos algúns signos ou pegadas: a cor morada** significa cambio e arrepentimento; a **Coroa de Advento** indica o percorrido interior que imos realizando; **poucas flores** por ser época de austeridade e de conversión; e os **cantos** pedindo: *Preparade o camiño ao Señor!, Ven Señor non tardes!*

-Para esta folla **valerémonos dos debuxos de Fano** cuxo lema é **“Camiñando cara á VIDA”**. Cada domingo iremos pegando unha letra na que está debuxado o evanxeo a súa mensaxe. Neste 1º domingo invítallenos a espertarnos e abrir os brazos para acoller a Xesús que xa vén.

**Que é o Advento?
Que regalo esperamos de Deus?**

2. XULGAR: Xesús vén visitarnos: ESPERTA!

+Isaías anuncia a promesa da vinda do Salvador. No evanxeo, Xesús dinos: ***“estade en vela, porque vén o Señor... Estade preparados”***. Refírese á vinda do final dos tempos, pero tamén á vinda no Nadal.

+QUE NOS QUERE DICIR XESÚS?

-Hoxe escoitamos a mensaxe dos MAIORES, dos avós, sabios nla fe, de Isaías e Noé que nos din: **Apura, esperta porque Xesús vén, vai chegando!**

*Hai moitos aos que lles pasará inadvertida a chegada de Xesús, **perdidos noutros agasallos, luces, festas....** Non nos despistemos noutras ofertas envoltas en enganoso papel brillante. **Advento é poñernos as pilas, espertarnos.**

-Neste 1º domingo Xesús dinos que esteamos **atentos, vixiantes, coa candeia acesa, a candeia da oración**. El chama á porta da nosa vida para entrar, transformala, facela máis fermosa. Estade vixiantes! **Velar, estar atentos, é escoitar a Palabra** (ler a vida desde Deus) e orar (deixar que Deus obre en nós). Orar é deixarse “vestir de Xesucristo” e suplicar “Ven axiña, Señor!”

***Que facer para non perder a Xesús no Nadal?
Como mellorar a nosa oración persoal,
familiar e comunitaria?***

3. ACTUAR: Se non espertas non te vas dar conta

+**Facemos algúns preparativos para este tempo.** Nunha cartolina ou cartón pegamos o cartel de Fano para Advento e dentro poñemos recortada a 1ª letra, a V da portada.

+**Organizamos a coroa de Advento** e na misa, antes das lecturas, facemos a entronización do leccionario de Mateo, deste ciclo (Comezo de S. Mateo).

-Esta semana podes debuxar unha pequena candeia para cada día da semana escribindo dentro o que fas para estar en vela, en oración... O un espertador con unha palabra: ESPERTA!

A PALABRA

ISAÍAS 2, 1-5: O Señor congrega a todas as nacións na paz eterna do Reino de Deus.

Visión de Isaías, fillo de Amós, sobre Xudá e de Xerusalén. Nos días futuros estará firme o monte da casa do Señor, no cume das montañas, máis elevado que os outeiros.

Cara a el confluirán todas as nacións, camiñarán pobos numerosos e dirán: *«Vinde, subamos ao monte do Señor, á casa do Deus de Xacob. El instruiranos nos seus camiños e marcharemos polos seus vieiros; porque de Sión sairá a lei, a palabra do Señor de Xerusalén».*

Xulgará entre as nacións, será árbitro de pobos numerosos. **Das espadas forxarán arados**, das lanzas, podas.

Non alzará a espada pobo contra pobo, non se adestrarán para a guerra.

Casa de Xacob, vinde; camiñemos á luz do Señor. *Palabra do Señor.*

SAL. 121: R/ Imos alegres á casa do Señor.

ROMANOS 13, 11-14 a: A salvación está máis preto de nós.

SAN MATEO 24, 37-44: Estade en vela.

NARRADOR: Naquel tempo, dixo Xesús aos seus discípulos:

XESÚS: -«Cando veña o Fillo do home, pasará como en tempo de Noé.

Nos días antes do diluvio, a xente comía e bebía, casaban os homes e as mulleres tomaban esposo, ata o día en que Noé entrou na arca; e cando menos o esperaban chegou o diluvio e levounos a todos; o mesmo sucederá cando veña o Fillo do home: dous homes estarán no campo, a un levarano e a outro deixarano; dúas mulleres estarán moendo, a unha levarana e a outra deixarana.

*Xa que logo, **estade en vela**, porque non sabedes que día virá o voso Señor.*

Comprendede que se soubese o dono de casa a que hora da noite vén o ladrón, estaría en vela e non deixaría que abrisen un buraco na súa casa.

*Por iso, **estade tamén vós preparados**, porque á hora que menos pensades vén o Fillo do home»*

Palabra do Señor.